

PROXECTO PARA A MODIFICACIÓN DA XORNADA ESCOLAR

XORNADA ÚNICA



É necesaria unha lectura tranquila e reflexiva deste Proxecto para formar unha opinión e valorar os seus plantexamentos.



En Xaneiro manteremos reunión informativas, onde poderemos clarificar as dúbidas.



E posteriormente, mediante o voto, decidiremos entre todos/as, aceptar ou rexeitar a súa posta en marcha.

PROXECTO PARA A MODIFICACIÓN DA XORNADA ESCOLAR

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

1.1. Introducción

1.2. Razóns psicopedagóxicas

1.3. Razóns familiares e sociais

2. OBXECTIVOS

3. HORARIO

3.1. Horario xeral do centro

3.2. Horario lectivo do alumnado.

3.3. Horario lectivo do profesorado

3.4. Horario das actividades extraescolares

4. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

4.1. Características das actividades que se propoñan

4.2. Actividades ofertadas

- **Actividades ofertadas polo ANPA**
- **Actividades ofertadas polo profesorado**
- **Actividades ofertadas por persoal externo ao centro**
- **Actividades ofertadas polo Concello**

5. PLANIFICACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

5.1. Servizo de transporte.

5.2. Servizo de comedor.

6. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO.

7. FUNDAMENTACIÓN LEGAL.

ANEXOS

O noso entorno e datos relevantes do noso centro.

1.XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Introdución

A proposta de cambio a xornada única en lugar da xornada partida recolle a demanda proposta pola ANPA, sobre a que o claustro de profesores reflexiona e valora como positiva e beneficiosa para a nosa Comunidade Educativa elaborando así este proxecto.

Este modelo de xornada é a resposta do noso centro educativo aos cambios que se produciron na nosa sociedade e polo tanto na nosa realidade inmediata, a través de novas propostas organizativas e funcionais que se adapten a esa nova realidade social.

Na actualidade, existe unha progresiva tendencia a adoptar este modelo, polos beneficios que reporta a todos os integrantes da comunidade educativa, tanto a nivel autonómico como estatal, sendo este o modelo instaurado practicamente en toda Europa. Na nosa zona xa existe un centro que a leva a cabo desde hai anos con éxito e outro que non hai moito adoptou o modelo mixto.

Entre as razóns polas que valoramos o cambio destacamos:

Razóns psicopedagóxicas

- **O rendemento intelectual é maior durante a xornada de mañá** que nas horas posteriores á comida por razóns fisiolóxicas obvias que inflúen no nivel de concentración.
- **Non se producen interrupcións horarias** que perxudiquen a atención.
- **A cuarta e quinta hora** da mañá resultan máis proveitosas que as súas correspondentes horas pola tarde.
- **Facilitalle ao alumno/a máis tempo para a realización das súas tarefas escolares** que lle van posibilitar a adquisición de hábitos de estudo e traballo persoal.
- O rendemento escolar do alumnado nos centros de xornada única aumenta en relación con outras xornadas escolares.
- **Evítanse interrupcións e perdas de tempo** ata a reanudación da xornada de tarde.
- **O paso ou tránsito ao instituto** non supón unha ruptura tan marcada cos horarios escolares que supoñen un novo proceso de adaptación.

- **Favorece a ampliación de posibilidades formativas** tanto para o alumnado como para o profesorado, xa que as tardes se ofertan como alternativas de formación en base aos intereses ou afeccións do alumnado e o profesorado participa nos obradoiros e actividades extraescolares.
- **Facilita a formación e reciclaxe do profesorado** en horario de tarde.
- Dentro da oferta de **actividades extraescolares e obradoiros contémpanse varios de forma gratuita** polo que serán accesibles para todo o alumnado posto que son ofertadas pola Administración Educativa independentemente do poder adquisitivo de cada familia e só requiren o interese do alumno.
- **O sistema de horario continuado permite obter un maior aproveitamento** das instalacións e recursos materiais que posúe o centro.
- Tense observado un **incremento de matrícula** nos centros que imparten xornada única, o que presupón un interese na sociedade polo novo modelo de xornada.

Razóns familiares e sociais

- **As relacións familiares saen beneficiadas ao incrementar o número de horas de convivencia no seo familiar.** Isto permitirá aos pais/nais aumentar a comunicación cos seus fillos/as e favorece a implicación na súa educación, dando maior importancia ao desenvolvemento persoal do alumno e á súa educación en valores.
- **As familias cuxos fillos/as non asistan ao comedor poderán reducir o tempo invertido en desprazamentos.** Así mesmo, a comida realizaríase concluída a xornada escolar polo que sería unha actividade máis relaxada, sen presas para comer por ter que volver ao colexio, evitando o estrés, dores estomacais...
- **Posibilitaría o comer en familia** xa que consideramos que a vida en familia debe ser tan importante como a vida escolar.
- **O comedor escolar seguirá funcionando** para aquelas familias que o soliciten, permitindo aos nenos/as que se quedan a comer participar nas actividades extraescolares da tarde.
- **Suporía a equiparación de horarios** para aquelas familias con fillos/as no **instituto e no colexio.**

- **As relacións do alumnado co seu contorno enriqueceríanse, ao dispor de maior tempo libre** para realizar outro tipo de actividades de carácter lúdico tanto daquelas ofertadas desde o propio centro escolar como desde outras institucións, Concello, asociacións...,etc.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos principais que nos propomos acadar coa implantación da xornada única son:

- **Contribuír a un maior rendemento do noso alumnado nas disciplinas escolares que contribúa a diminuír o fracaso escolar.**
- **Aumentar a oferta educativa coa introdución dunha serie de actividades** que co modelo horario actual non son posibles.
- **Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal e a capacidade de elección** de actividades optativas.
- **Estimular as relacións interpersoais entre os escolares** ao participar en actividades onde os agrupamentos non son os habituais.
- **Previr** condutas antisociais no alumnado.
- **Facilitar ao alumnado máis tempo para a realización das súas tarefas escolares** e deste modo posibilitar a adquisición de hábitos de estudo e traballo persoal.
- **Aumentar e potenciar o periodo de utilización do tempo libre** para outras actividades extraescolares e complementarias formativas.
- **Proxectar a imaxe do centro** como lugar para a cultura, o deporte...
- **Homoxeneizar os horarios das distintas etapas e centros educativos** da localidade, facendo compatibles o horario laboral e escolar das familias.
- **Favorecer un maior aproveitamento das instalacións do centro**, ao aumentar os horarios de uso polo conxunto da comunidade educativa.
- **Contribuír á creación dunha Comunidade Educativa máis activa e participativa** nun marco de participación e colaboración coas familias e institucións do contorno.
- **Favorecer o perfeccionamento e reciclaxe do profesorado** en horario de tarde.

- **Adaptar o colexio ás demandas dunha nova sociedade** que contribúan á **conciliación laboral e familiar**.
- Mellora xeral da **calidade** da nosa escola pública.

3. HORARIO

3.1. Horario xeral do centro

O centro permanecerá aberto co seguinte horario:

- Setembro e xuño: de 9:15 a 15:45
- Outubro a Maio: 9:15 a 18:00.

3.2. Horario lectivo do alumnado

O alumnado de Educación Infantil e Primaria terá un horario de 25 horas lectivas obrigatorias semanais distribuídas en cinco sesións de luns a venres entre as 9:15 e as 14:15, como se recolle a continuación.

*As materias terán exactamente o mesmo tempo de dedicación que na xornada partida.

- 9.15 a 10.15 → 1ª sesión / 1 hora.
- 10.15 a 11.15 → 2ª sesión / 1 hora
- 11.15 a 12.15 → 3ª sesión / 1 hora.
- 12.15 a 12.45 → recreo/ 30 minutos.
- 12.45 a 13.30 → 4ª sesión / 45 minutos.
- 13.30 a 14.15 → 5ª sesión / 45 minutos.

*Destacar que este horario é provisional xa que estamos pendentes do informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A marxe horaria estaría comprendida entre as 9:00 e as 9:30 por iso puxemos un termo medio.

3.3. Horario lectivo do profesorado

O horario lectivo do profesorado según a normativa vixente abarcará as vinte e cinco horas lectivas semanais en horario de 9:15 a 14:15.

Atendendo a esta mesma normativa e ás horas non lectivas de obrigada permanencia no centro establecerase o martes como día fixo para titorías coas familias de 17:00 a 18:00 e para realizar todas aquelas reunións pertinentes de

16:00 a 17:00: Claustros, Comisión de Coordinación Pedagóxica(CCP), reunións de ciclo, Normalización Lingüística, Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares e dinamizacións.

Ademais, estableceranse quendas para que todos os días o profesorado se encargue de impartir, coordinar ou supervisar as actividades programadas para o alumnado en horario de tarde.

3.4.Horario das actividades extraescolares

As actividades extraescolares levaranse a cabo en horario de 16:00 a 18:00 horas.

4. PLANIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A proposta de actividades tratamos de que vaia en consonancia cos obxectivos propostos. Así, inda que a asistencia ás mesmas será **voluntaria**, promoverase e estimularase que a inmensa maioría do alumnado asista para cumprir os fins que se pretenden acadar coa implantación desta xornada.

Estas actividades levaranse a cabo diariamente en horario de 16:00 a 18:00 e serán ofertadas por parte do centro, profesorado ou da ANPA.

O profesorado estará no centro diariamente, no horario fixado, para organizar as entradas-saídas, comprobar que todas as actividades están funcionando, supervisar e solventar calquera imprevisto que puidera xurdir.

4.1. Características das actividades que se propoñan

- Voluntarias, non discriminatorias e non indispensables para a consecución dos obxectivos curriculares.
- Motivadoras e enriquecedoras para o alumnado.
- Cun carácter lúdico e cultural.
- Adecuadas á idade, interese e diversidade do alumnado.
- Favorecedoras da integración do alumnado.
- Carácter gratuito daquelas organizadas polo profesorado un pequeno custo para as organizadas pola ANPA e monitores externos.

As actividades extraescolares que inicialmente se programen poden sufrir modificacións dependendo de distintos factores así como da demanda das mesmas.

4.2. Actividades ofertadas

▪ Actividades ofertadas pola ANPA

A impartición das actividades correrá a cargo dun monitor preparado para realizar a actividade. A asociación financiará unha parte, o que suporá un pequeno custo para o alumnado.

As actividades ofertadas cada curso escolar serán de carácter provisional.

| <u>Actividades</u> | <u>Niveis Educativos</u> | <u>Financiación</u> |
|-----------------------------------|----------------------------|---------------------|
| <i>Ximnasia Rítmica</i> | Infantil e Primaria | 10€ |
| <i>Piscina climatizada</i> | Infantil e Primaria | 9.09€ |

▪ Actividades ofertadas polo profesorado

Éstas serán de carácter formativo e gratuito. Os responsables da súa organización e coordinación serán as maestras/es.

A programación dos obradoiros farase de forma provisional cada curso en función dos recursos persoais do centro. Ao comezo do curso escolar pode que se produzan variacións en función do profesorado de nova incorporación, a demanda dos obradoiros, incorporación de novas actividades, etc...

| <u>Actividades</u> | <u>Niveis Educativos</u> | <u>Financiación</u> |
|--------------------------------------------------------|----------------------------------------|---------------------|
| Biblioteca | Infantil e Primaria | Gratuita |
| Obradorio de linguas | Infantil e Primaria | Gratuita |
| Obradorio de potenciación oral da lingua galega | Infantil e Primaria | Gratuita |
| Xogos de mesa | Infantil e Primaria | Gratuita |
| Obradorio de iniciación a Lingua Portuguesa | Infantil e 1º Ciclo de Primaria | Gratuita |
| Obradorio de Educación para a Saude | Infantil e Primaria | Gratuita |
| Obradorio de prevención de accidentes | Infantil e Primaria | Gratuita |

▪ Actividades ofertadas por **persoal externo ao centro**

Serán impartidas por un monitor ou monitora experimentado/a e nas dependencias do centro.

| <u>Actividades</u> | <u>Niveis Educativos</u> | <u>Financiación</u> |
|------------------------|----------------------------|---------------------|
| Informática | Infantil e Primaria | 10€ |
| Manualidades | Infantil e Primaria | 10€ |
| Voleibol | Infantil e Primaria | 10€ |
| Bailes de Salón | Infantil e Primaria | 10€ |

- En función do número de actividades nas que se esté apuntado variará o precio.

▪ **Actividades que oferta o Concello**

| <u>Escolas Deportivas</u> | | | |
|----------------------------------|----------------------------|---------------------|--------------------|
| <u>Actividades</u> | <u>Niveis Educativos</u> | <u>Financiación</u> | |
| Tenis | Infantil e Primaria | Información | no concello |
| Fútbol | Infantil e Primaria | Información | no concello |
| Atletismo | Infantil e Primaria | Información | no concello |
| Multideporte | Infantil e Primaria | Información | no concello |
| Karate | Infantil e Primaria | Información | no concello |

| <u>Escola de Música e Baile Tradicional do Concello de A Rúa</u> | | |
|-------------------------------------------------------------------------|----------------------------|-----------------------------|
| <u>Actividades</u> | <u>Niveis Educativos</u> | <u>Financiación</u> |
| Baile | Infantil e Primaria | Información concello |
| Gaita | Infantil e Primaria | Información concello |
| Percusión | Infantil e Primaria | Información concello |
| Pandeireta e Canto | Infantil e Primaria | Información concello |

4.3. Normas básicas de funcionamento.

- Durante o período comprendido entre as 16:00 e as 18:00 horas, o **Regulamento de Réxime Interior** do centro será o que rixa todo o relativo a "Normas de Convivencia" do alumnado.
- Cada Actividade, na súa Programación correspondente, establecerá as súas normas básicas: destinatarios, nº. de participantes, duración, materiais, etc.... De todo isto, darase información previa á inscrición na mesma.
- As solicitudes para participar serán atendidas por orde de preferencia, así como pola antelación na entrega.
- Calquera alumno poderá apuntarse a cantas actividades ofertadas desexa, sempre e cando éstas lle sexan compatibles.
- Os alumnos/as participantes deberán contar sempre coa autorización familiar e o compromiso de respecto e aceptación das normas básicas de funcionamento.
- O alumno/a aportará o material necesario que a actividade requira.
- Os pais e nais deixarán aos alumnos/as inscritos nalgunha actividade na porta de entrada, onde igualmente serán recollidos á saída.
- A porta pecharase cinco minutos despois do comezo da actividade.
- A non asistencia á actividade deberá ser xustificada polos pais, nais ou titores/as legais. Unha ausencia prolongada e non xustificada, suporá a baixa na actividade.

- Ante a ausencia puntual dun profesor/a ou monitor/a, se fose posible, notificarase ás familias para que o alumnado non asista a esa sesión; de non ser posible facer a notificación, repartiranse os alumnos/as entre o resto de obradoiros ou actividades en funcionamento.

5. PLANIFICACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

5.1. Transporte

Manterase o servizo cos mesmos criterios de adxudicación que na actualidade tal e como establece a lexislación vixente a este respecto.

5.2. Comedor

Manterase o servizo, cos mesmos criterios actuais de admisión e número de comensais, atención por parte do persoal de control do mesmo..., como establece a lexislación vixente a este respecto en horario de 14:15 a 16:00.

Durante este periodo de tempo, o alumnado estará atendido no recinto escolar polo profesorado encargado y polas nais/pais voluntarias deste servizo como se viña facendo ata agora.

O alumnado usuario do comedor terá a opción de voltar á casa, ben no transporte escolar (se é usuario del) ou recollidos polas familias ou persoas autorizadas ao rematar este, ou ben de permanecer no centro para participar nalgunha actividade.

O tempo que transcurre desde que remata o comedor e o seu tempo de ocio ata o comezo das actividades será responsabilidade do profesorado.

6. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO

A implantación da xornada única ten **carácter reversible**, debendo manterse desde a súa aprobación durante tres anos académicos, transcurrido este periodo decidirse por parte da Comunidade Educativa se é beneficioso ou non continuar con ela.

Durante ese tempo será necesario levar a cabo un seguimento da mesma a través de distintos instrumentos e procedementos de avaliación que ao mesmo tempo se converterán en mecanismos de control da súa eficacia e elementos necesarios para formular as propostas de mellora cara aos seguintes cursos escolares.

¿Quen avalía?

- ✓ O **Claustro**, a través das diferentes reunións de ciclo e a posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica, planificará un seguimento continuado do proxecto e elaborará tanto as pautas a seguir como os instrumentos a utilizar.
- ✓ O **Equipo Directivo** elaborará un **informe trimestral**, coa información transmitida que será remitido ao **Consello Escolar** para a súa valoración e proposta de modificación ou mellora, se fose necesario ao rematar o ano. Así mesmo elaborará un **informe anual** que valore o desenvolvemento da xornada e as propostas de mellora de ser o caso, para os seguintes cursos escolares.
- ✓ Esta análise reflectirase na **Memoria Anual de Centro** co fin de que sirva de corrector daqueles aspectos mellorables cara a elaboración da **Programación Xeral Anual** do curso académico seguinte.
- ✓ Corresponde á **Inspección de Educación** velar polo correcto desenvolvemento da nova xornada escolar, realizando o seguimento e avaliación das actividades lectivas e extraescolares.

¿Que avaliar?

- 👍 **Rendemento académico do noso alumnado.** Elaboraremos estatísticas en cada avaliación que recollan os resultados académicos por ciclos e niveis.
- 👍 **Niveis de atención e fatiga do alumnado** (especialmente nas últimas sesións).
- 👍 **Incidencia sobre a vida familiar.**
- 👍 **Incidencia na matrícula do centro.**
- 👍 **Asistencia de alumnos/as ao comedor.**
- 👍 **Asistencia do alumnado ás actividades extraescolares.**
- 👍 **Niveis de aceptación dos colectivos implicados:** familias, alumnado e profesorado.


 **Opinión das familias sobre o desenvolvemento do proxecto.**


Elaboraremos enquisas que se enviarán a estas para recoller as súas opinións.


 **Aproveitamento de espazos e instalacións.**

 **Organización do centro en xeral.**


¿Cando avaliamos?

 **Durante o primeiro curso escolar**, preferentemente ao remate do primeiro trimestre e necesariamente ao remate do curso.

 **Emitirase un Informe** no que se analizarán diferentes aspectos para o seguimento, avaliación global e propostas de mellora do modelo de xornada única.

 Durante o primeiro trimestre do segundo curso de modificación de xornada, **emitirase un informe valorando a aceptación do cambio de xornada por parte da Comunidade educativa**, en función dos resultados obtidos, tomaranse as decisións oportunas.

7. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

 ***Lei Organica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) (BOE 4/10/2006)***

Art.º.118.4.A fin de facer efectiva a corresponsabilidade entre o profesorado e as familias na educación dos seus fillos e fillas, as Administracións educativas adoptarán medidas que promovan e incentiven a colaboración efectiva entre a familia e a escola.

Art.º.120.1.Os centros dispoñerán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente, nos termos recollidos na presente Lei e nas normas que a desenvolvan.

Art.º.120.2. Os centros docentes dispoñerán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.


Art.º. 120.4. Os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, plans de traballo, formas de organización ou ampliación do horario escolar nos termos que establezan as Administracións


educativas, sen que, en ningún caso, se impoñan aportacións as familias nin esixencias para as Administracións educativas.


Art.º. 121.5. Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o propio centro nos que se consignent as actividades que pais, nais, profesores e alumnos/as se comprometen a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.

Art.º. 124.1. Os centros docentes elaborarán as súas normas de organización e funcionamento, que deberán incluír as que garantan o cumprimento do Plan de Convivencia.

Art.º. 124.2. As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidan elaborar as súas propias normas de organización e funcionamento.

 **Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,** como marco legal que facilita o funcionamento dos centros escolares.

 **ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**

 **Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados.**

En A Rúa a 21 de decembro de 2011

A comisión encargada da elaboración do proxecto

ANEXOS

ANÁLISE DO CONTEXTO

1. Situación xeográfica

O CEIP "Manuel Respino" está situado na localidade da Rúa entre os núcleos de poboación de Vilela, A Rúa e Fontei e agrupa aos nenos e nenas dos concellos de A Rúa (A Rúa, Vilela, Somoza e San Xulián), Petín (Petín, Carballal, Mones, San Paio) e Larouco (Larouco, Freixido, A Portela e Portomourisco), que contan con servizo de transporte e comedor.

O concello de A Rúa sitúase ó nordés da provincia de Ourense. Está comunicada pola estrada N120 e por vía férrea co resto de Galiza e tamén con Castela.

A distancia do centro á cabeza da comarca (O Barco de Valdeorras) é de 12 km.

2. Características sociais

As actividades económicas máis importantes da localidade son as comerciais e agrícolas, especialmente a vitivinícola. O sector pizarreiro ocupa tamén a unha parte importante das familias do contorno.

No ano 2007 empezou a funcionar a fábrica Rieter-Saifa, creando postos de traballo e que repercutiu na matrícula do centro.

3. Servicios culturais

A Rúa conta cos seguintes servizos: centro de saúde, polideportivo, piscinas municipais, parques infantís, pistas deportivas, sede da UNED, ludoteca, gardería infantil, dous colexios de EI e EP, un concertado e outro público e 2 centros de E. Secundaria, un público e outro concertado.

Petín conta tamén cos seguintes servizos: centro médico, teleclub, parque infantil, centro de día para a 3ª idade.

Larouco: centro médico, escola de EI, piscinas municipais, pistas deportivas, parque infantil.

4. Perfil demográfico

As familias teñen, xeralmente, entre un e tres fillos, e moitas delas teñen anciáns na casa.

A zona presenta unha densidade de poboación próxima aos 200 habitantes por hectárea.

5. Lingua e procedencia familiar

A nosa comarca polo seu emprazamento xeográfico está metida nunha situación de diglosia bastante acentuada. Polo xeral, identifícase o galego como unha lingua da que se pode prescindir, e o castelán como a lingua verdadeiramente útil e ligada á cultura.

Os nenos/as falan maioritariamente castelán, ben por prestixio social, ben pola proximidade xeográfica de Castela ou pola grande cantidade de inmigrantes.

O profesorado coñece ou fala indistintamente galego e castelán.

A Língua Galega é usada en todos os comunicados oficiais, administrativos de xestión do centro, así como a correspondencia que a mantén con outros organismos, comunicacións ás familias e calquera outro tipo de escrito.

A maioría das familias fala o castelán cos nenos e o galego cando falan fora do contexto familiar.

A lingua utilizada maioritariamente nas relacións familiares, sociais e culturais é a lingua castelá, se ben, ultimamente empézase a amosar un uso máis frecuente da lingua galega.

En canto á procedencia xeográfica, só un 10% aproximadamente son orixinarios deste Concello. A porcentaxe de alumnos/as doutras Comunidades

Autónomas, Concellos distintos de A Rúa e alumnos/as inmigrantes, ascende ó 90%.

NECESIDADES EDUCATIVAS

Analizada a realidade social, cultural e económica do barrio no que está ubicado Centro, chegamos á seguinte conclusión: se queremos mellorar a calidade do ensino no noso Centro debemos centrarnos nunha serie de puntos que son mellorables e adicarlle o noso maior esforzo.

Ó pretender mellorar a educación que ofrecemos, e pensamos que é posible, imos subliñar unha serie deles, uns máis importantes que outros, pero todos contribúen ó fin proposto.

Imos salientar os seguintes aspectos:

- ✓ Respecto cara ós demais. A nosa liberdade comeza onde termina a dos demais.
- ✓ Educar para a paz. Debería haber menos agresividade, tanto física como verbal.
- ✓ Aprender a escoitar. Todos temos dereito a expor as nosas ideas e opinión, fomentar o diálogo.
- ✓ Recordaráselle ós alumnos que moitas veces co seu comportamento están perpetuando a discriminación en razón do sexo.
- ✓ Fomentar un maior respecto polo Colexio, en todo o seu contido. Que os alumnos o sintan como algo propio, e se sitan nel como na súa casa.
- ✓ Contribuír a mellorar os hábitos alimenticios e de consumo, tomar como exemplo o comedor do Centro.
- ✓ Conseguir mellorar os hábitos de limpeza no patio. Recordarlles as normas que a tal efecto existen.
- ✓ Fomentar a autoestima. Ofrecer unha resposta correctora en caso de fracaso escolar.

- ✓ Mellorar as técnicas de estudo, tanto na casa como no Colexio.
- ✓ Aproveitar mellor o tempo de lecer para favorecer unha educación integral, fomentar o deporte e a lectura por medio de actividades extraescolares e un mellor uso da biblioteca.
- ✓ Correxir as deficiencias de vocabulario, palabras mal ditas, expresións inadecuadas.
- ✓ Unha maior aplicación dos seus coñecementos matemáticos á realidade da vida diaria.
- ✓ Conseguir que o alumnado teña un maior coñecemento da súa localidade e comunidade, así como da súa lingua e da súa realidade social e cultural.

NOTAS DE IDENTIDADE DO CENTRO

Concebimos a educación como un servizo á sociedade, é por iso polo que queremos que esta sexa una escola aberta ás demandas sociais e culturais do barrio do seu entorno.

1.LÍNGUAS DE APRENDIZAXE

O uso da propia lingua é un dereito recoñecido a tódolos membros da comunidade escolar con obxecto de contribuír á normalización lingüística do galego, como lingua propia de Galicia, procurarase que esta sexa cada vez máis a lingua ambiental, vehicular e da ensinanza no ámbito escolar. En todo caso deberase garantir que ó finalizar a escolaridade os alumnos teñan un correcto dominio oral e escrito das dúas linguas oficiais: galego e castelá.

Tendo en conta o anterior, debemos establecer como norma xeral que inspire este modelo, a discriminación positiva a favor do uso do galego, como lingua minorizada que é, para acadar o obxectivo proposto.

Dadas as características lingüísticas dos nenos que acceden ó Centro, na etapa de Educación Infantil o ensino desenvolverase indistintamente en lingua galega e castelá.

En tódolos ciclos, no caso que se considere necesario dende o punto de vista lingüístico, poderán existir áreas onde se dea actividade bilingüe, coidando en todo momento que non se dean prácticas de tipo diglósico. Neste caso o deseño que se adopte deberá ser incluído no Proxecto Curricular e

contará, en todo caso, coa colaboración do Equipo de Normalización Lingüística.

En consonancia co anteriormente exposto é necesario que os mestres que por calquera causa non utilicen como lingua vehicular o galego, fagan manifestación da súa actitude positiva sobre o uso do galego.

2. PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

Pluralismo ideolóxico. O Centro debe respectar a evolución do alumno no sentido de non lle impoñer ningunha concepción política. A educación e a convivencia desenvolveranse nun marco de tolerancia e respecto á liberdade de cada quen, a súa personalidade e conviccións, que non poderán ser perturbadas por ningún tipo de coacción nin pola obriga de asumir ideoloxías ou crenzas determinadas.

Convivencia. Destacámos a necesidade dunha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar. É importante que o alumno aprenda a vivir cos demais compañeiros, sexan do nivel social que sexan ou ben debido á presenza de condicións persoais dalgunha discapacidade. Os nenos e as nenas deberán aprender a dicir non ante calquera violencia e a compartir como súas as alegrías e inquedañas dos seus compañeiros. Interésanos unha formación ética, moral e cívica baseada nos dereitos humanos.

Somos conscientes de que un clima de boas relacións persoais entre tódolos membros da Comunidade Educativa, de tranquilidade e de calma, no que se vexa a orde e a limpeza en tódolos espazos e dependencias, pode favorecer a consecución dos obxectivos desexados.

Democracia. Consideramos alomenos dous aspectos a destacar: os valores educativos a transmitir e o da xestión do Centro. O Colexio deberá transmitir ós seus alumnos os valores básicos dunha sociedade democrática (o respecto cara ós demais e cara a un mesmo, o sentido da liberdade ligado ó da responsabilidade, a solidariedade, o gusto polo traballo ben feito, etc.) e invitalos a participar na mellora do funcionamento do Centro.

A democracia na xestión do Centro, entendémola como a participación real e efectiva de tódolos membros que a compoñen na súa xestión, por medio dos seus representantes elixidos, e reclamamos por iso a importancia da colaboración da comunidade educativa no seu conxunto.

3. OPCION CONFESIONAL

O Centro afirmase como non confesional, a vez que respectuoso tanto coas posturas agnósticas, como coa diversidade de practicas e crenzas relixiosas. Iso quere dicir que o Colexio como tal non adoptará posicións relixiosas ou ateas, senón de total respecto cara as crenzas de cada persoa, tanto de profesores como de alumnos.

Creemos nunha educación baseada nunha escala de valores, que dea sentido a vida por encima da mera instrucción. O noso Centro comprométese a fomentar nos alumnos valores como: a dignidade da persoa, os dereitos humanos, a igualdade de todos os homes e mulleres, a liberdade, o sentido da xustiza individual e colectiva, o respecto e a tolerancia mutuos, a unidade do xénero humano, o rexeitamento a violencia e o respecto o mundo que habitamos.

4. COEDUCACION

A coeducación e o proceso polo que se chega, a través das vivencias relacionadas entre nenos e nenas, á plena aceptación da propia sexualidade e á do outro. Polo tanto, non consiste só en ter nenos e nenas nunha mesma aula. A coeducación supón, entre outros compromisos, orientar a actividade cara a unha educación para a igualdade, sen discriminación por razón de sexo.

A coeducación así concebida determina, por tanto, unha metodoloxía didáctica que trata de evitar conductas que poñan énfase nos roles tradicionais atribuídos ó home e a muller e procura proporcionar ós alumnos imaxes diversificadas e non convencionais dun ou outro sexo.

Neste sentido, a coeducación significa decantarse por opcións determinadas, entre outras a elección de libros de texto e as lecturas complementarias que se propoñen ós alumnos, os criterios de agrupamento dos mesmos para o traballo escolar, as propostas de orientación escolar, etc.

5. LÍÑA METODOLÓXICA

Os lazos e o arraigo do centro escolar respecto do barrio, da cidade e da Comunidade Autónoma galega constituirán un obxectivo preferente co fin de conseguir a inserción dos alumnos no contorno social en que viven. Igualmente, procurarase que coñezan o país, a súa realidade nacional e a súa problemática. Estes conceptos teranse en conta nas programacións didácticas de cada ciclo e nas programacións de aula.

O transmitir coñecementos intentarase conseguir dos alumnos unha actitude aberta e receptiva cara ós cambios que o progreso e a técnica nos reportan. Conscientes de que vivimos nunha sociedade tecnolóxica en continuo cambio, cremos necesaria a participación do profesorado nos proxectos de innovación que sexan necesarios levar a cabo, favorecendo as súas actividades de formación permanente.

Intentamos que a nosa acción educadora dea unha resposta axeitada as necesidades específicas de cada alumno mediante unha acción individualizada e de atención a diversidade, buscando a alternativa adecuada ás aptitudes específicas de cada alumno. Tratamos de adecuar o currículo (que se traballa, como, onde e para que ...) ás características propias do alumno e do seu contorno.

A nosa estratexia metodolóxica baséase fundamentalmente no método activo (globalizador, socializador e individualizado) pola súa sólida fundamentación na bioloxía, na socioloxía e na psicoloxía. Cremos que e necesario fomentar no alumno unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se convirta na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes. No aspecto instructivo, perseguirá a adopción de sistemas activos, non autoritarios, que implique a participación dos alumnos no seu proceso de aprendizaxe.

Consideramos indisoluble a aprendizaxe de contidos conceptuais, procedimentais e aptitudinais. Seguindo as etapas evolutivas dos alumnos, búscase para as diversas idades e etapas da infancia, o axuste e a harmonía das facultades mentais afectivas, decisorias e activas de maneira que os alumnos se preparen a gozar da vida e a asumir as súas responsabilidades como persoas inmersas nunha colectividade e culturas concretas.

Neste senso o Centro establecerá e manterá as relacións necesarias de colaboración e coordinación co IES "Cosme López" ó que está adscrito.

A orde e a disciplina que son necesarias e fundamentais para a vida e o traballo escolares non serán entendidos nin como unha rutina nin como a mera consecuencia da coerción, polo contrario, a labor educativa da escola neste sentido basearase no respecto mutuo, o diálogo, a reflexión, a colaboración e a solidariedade.

6. MODELO DE XESTIÓN

O modelo de xestión do C.E.I.P. "Manuel Respino" é participativo, conxugando a eficacia na xestión coa participación dos distintos estamentos:

pais, profesores, persoal non docente e alumnos. Todos os órganos de xestión asumen claramente as súas responsabilidades e exercen a súa labor en función das mesmas.

O Colexio estruturase de forma que se descarte todo afán de lucro e se procure a participación de tódolos profesores e a colaboración dos pais. A idea dunha escola democrática implica a necesidade dunha participación real e efectiva de tódolos estamentos que a componen na súa xestión por medio dos representantes elixidos por cada un deses estamentos.

Tan importante é que o neno e a nena estean integrados na escola como na familia. Os alumnos non deben sentir unha única integración na realidade social. Por iso é imprescindible o diálogo escola-pais co obxecto de ir unificando criterios. A actitude positiva de diálogo pais-mestres elimina múltiples tensións que poden ser perigosas para o equilibrio psicolóxico do neno. As críticas e suxerencias formuladas polos pais son pedra de toque que permite unha pedagogía axeitada a realidade.

MISIÓN, FINS E OBXECTIVOS DO CENTRO

1.MISIÓN

A misión do C.E.I.P. "Manuel Respino" é proporcionar ós seus alumnos un desenvolvemento humano e integral, en estreita colaboración cos seus pais e profesores, e no marco da realidade cultural e lingüística da Comunidade Autónoma Galega.

2.FINS

Un proxecto educativo de Centro non pode pretender formular nin alcanzar fins da educación. Esas finalidades son formulacións propias da Constitución e das Leis Orgánicas en materia educativa. Pretender alcanzar esas metas nun curto espazo de tempo é un propósito utópico e demasiado ambicioso. Non obstante, como guía da nosa actuación teremos presente, en todo momento, os fins previstos na propia Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo que orixina, xunto coas nosas notas de identidade e necesidades educativas, os obxectivos do Centro que máis abaixo se formulan. Tales fins son:

- ❖ O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno.

- ❖ A formación no respecto, nos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- ❖ A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.
- ❖ A formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural de España.
- ❖ A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- ❖ A formación para a paz e a solidariedade entre os pobos.
- ❖ Proporcionar ós alumnos do Centro unha firme e ampla base formativa, que enraizada profundamente no que de específico ten a cultura galega, lles facilite o acceso ó que de universal ten a cultura.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que formulamos para o noso Centro queremos que sexan os que identifiquen a nosa Institución Educativa e que temos que acadar.

Son, pois, uns obxectivos de difícil medición pero que amosan unha clara intencionalidade. Son propósitos que comportan unha vontade de planificación e desenvolvemento posterior mediante obxectivos e actividades máis específicas e mediables. Así entendidos os nosos obxectivos imos formulalos nos cinco ámbitos seguintes: pedagóxico, de pluralismo ideolóxico e relacións humanas, de xestión e organización, institucionais e de relación coa comunidade.

Así mesmo, tense en conta o Decreto 230/2007, do 28 de xullo , polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Ámbito pedagóxico.

Evitar calquera tipo de autoritarismo, competitividade e malos tratos, tanto físicos como psíquicos, potenciando unha ensinanza activa na que se

desenvolva a iniciativa persoal, autonomía, capacidade de expresión, orixinalidade e a creatividade.

Conseguir que o finalizar a educación primaria os alumnos teñan un correcto dominio, tanto oral como escrito, das dúas linguas oficiais, galega e castela, e poidan optar con garantías a proseguir os seus estudos na seguinte etapa da E.S.O.

Potenciar o desenvolvemento das actividades básicas (observación, experimentación, asimilación e expresión), atendendo o estado evolutivo do alumno/a.

Fomentar o tratamento dos temas transversais (educación para a saúde, vial, ambiental, para o lecer, o consumo e para a paz e non violencia) como parte integrante da actividade diaria.

Intentar evitar a manipulación en tódolos ámbitos e fomentar a capacidade de observación, de crítica e a adquisición de hábitos de traballo intelectual.

Potenciar un réxime de coeducación e de atención á diversidade no que non se produza discriminación algunha por razón de sexo, presenza de condicións persoais dalgunha discapacidade ou ben por calquera outro motivo: raza, relixión, recursos económicos ...

Incorporar nas programacións didácticas obxectivos e contidos relacionados co contorno próximo dos alumnos e da propia Comunidade Autónoma de Galicia. Que os alumnos coñezan, respecten e conserven as nosas tradicións e o noso patrimonio cultural.

Adquirir a toma de conciencia das agresións que sofre o noso contorno ambiental e comprometerse solidariamente na súa defensa e mellora.

Analizar, secuenciar e coordinar os obxectivos de aprendizaxe de forma que permitan o profesorado actuar con criterios comúns e ó alumnado seguir o seu proceso evolutivo. Prever os instrumentos de avaliación de acordo coa metodoloxía empregada.

Facer do grupo de profesores un equipo participativo, coherente e conexo.

Impulsar e analiza-lo traballo nos ciclos a través do coordinador de ciclo e da avaliación periódica dos obxectivos.

Fomentar e crear hábitos de lectura na escola a través da biblioteca escolar, bibliotecas de aula e actividades de animación á lectura.

2. Ambito de pluralismo ideolóxico e relacións humanas.

Impulsar as normas básicas do diálogo: expresar ideas e escoitalas.

Inculcar valores de tolerancia como xeradores dunha boa convivencia: respecto, tolerancia, liberdade, solidariedade, compañerismo. Traballar sistemáticamente na consecución da cortesia no trato como algo natural.

Evitar o adoutramento e as accións persoais en canto a ideoloxía política e/ou relixiosa, sendo obxectivo e tolerante con tódalas opcións. Educar os alumnos no respecto a tódalas crenzas relixiosas ou ausencia das mesmas.

Desenvolver as aptitudes e actitudes cara a convivencia e o respecto ás normas que a fan posible. Ser capaces de establecer relacións equilibradas e constructivas coas persoas e grupos sociais.

Considerar as diferencias fisico-psíquicas como factores que constitúen a diversidade e aceptar e respectar os distintos grupos étnicos valorando as diferencias culturais. Favorecer unha convivencia tolerante e libre de prexuízos.

Manter coas familias canles de información o máis directas posibles, recoñecéndolas como parte básica da educación e respectando as conviccións ideolóxicas.

3. Ambito de xestión e organización

Revisar periódicamente tódolos elementos curriculares a partir dos resultados obtidos nas avaliacións do rendemento educativo dos alumnos.

Propiciar a creación de grupos de traballo para a reflexión sobre a actividade docente dun momento dado.

Arbitrar a coordinación necesaria entre os distintos órganos para velar polo funcionamento do proxecto educativo do Centro.

Rendabilizar o máximo os recursos económicos coa participación de tódolos estamentos.

Revisar a eficacia da distribución e utilización dos recursos materiais e didácticos.

Revisar as canles de participación a fin de corrixir os desaxustes e alcanzar un equilibrio da actuación das distintas partes implicadas.

Facilitar o profesorado, na medida que sexa posible, a dotación de recursos suficientes para o desenvolvemento máis satisfactorio posible da súa actividade docente.

Desenvolver e utilizar instrumentos eficaces para a comunicación externa e interna.

Simplificar, axilizar e facer máis efectivo o traballo administrativo do Centro procurando a súas informatizacións.

4. Ambito institucional

Fomentar que os profesores, os pais e os traballadores non docentes interveñan no control e xestión do Centro.

Velar polo mantemento das instalaciónns e servicios escolares, inculcando na Comunidade Escolar o respecto e o coidado das mesmas.

Xestionar diante dos organismos oficiais correspondentes melloras na infraestrutura das instalacións e servicios escolares.

Afondar nas relacións sistemáticas de colaboración e coordinación co IES "Cosme López" o que está adscrito o Colexio e favorecer as relacións e intercambios con outros Centros docentes e/ou entidades.

Transmitir información os pais dos alumnos sobre o proceso instructivo e formativo dos seus fillos e facelos participes activos do mesmo.

Favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente.

Favorecer a interacción Colexio-APA para tratar temas de interese que redunden na formación educativa dos alumnos.

Potenciar o uso das bibliotecas públicas, así como a propia do Centro para a lectura lúdica e de consulta.

Celebrar as conmemoracións tanto que sexan de carácter oficial como populares e tradicionais. Fomentar a participación da Comunidade Educativa.

Aproveitar as ofertas culturais das distintas entidades da zoa (exposicións, teatro, concertos ...) facilitando a asistencia dentro do horario lectivo.

Promover e facilitar a participación de persoal especializado ou entidades que colaboren en actividades paralelas (culturais, deportivas, tempo de lecer ...).

Establecer canles de comunicación entre os representantes da Comunidade Educativa nos órganos colexiados e os seus representados.

6. Ambito de Normalización Lingüística

Para potenciar o uso da lingua constituirase no Centro un Equipo de Normalización Lingüística que estará constituído e terá as competencias que se recollen no Capítulo III, arts. 63 a 68 do Decreto 374/96, do 17 de outubro e no punto 3, do capítulo VI da Orde do 22 de xullo de 1997.